



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 26 DE FEBREIRO DO 2024

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día vinte e seis de febreiro do dous mil vinte e catro, reúnen os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca.

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodríguez, D. Iban Torres Rodríguez, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M^a Douton Rajo, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Díaz Aira e Dna. Margarita López Rodríguez.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. Katherinie Varela Fernández, D. José Luis Rodríguez Varela e D^a María Luisa Vázquez López

Bloque Nacionalista Galego: D. Emilio José Sánchez Iglesias e D. Manuel Luaces Fernández.

Esperta Monforte: D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

Secretario: D. José Antonio Mourelle Cillero, que dá fe do acto.

Interventora accidental: D^a María Inmaculada Buján Arias

Non asiste a concelleira D^a Pilar Espinosa Novelle, o concelleiro D. José Manuel Mougán Sobredo e o concelleiro D. Victor Manuel Rodríguez López.

O Sr. Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

ORDE DO DÍA:

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DE 29 DE XANEIRO DO 2024.

Sométese a votación a acta do pleno de 29 de xaneiro do 2024, aprobándose por unanimidade.

2º.-DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se da conta: do 24.01.2024 AO 20.02.2024.

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, da conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 24.01.2024 e o 20.02.2024.

PARTE RESOLUTIVA

Procédese á votación da inclusión da DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CO MOTIVO DO 8 DE MARZO DO 2024 DIA INTERNACIONAL DA MULLER, resultando aprobada por unanimidade.

3º.-DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CO MOTIVO DO 8 DE MARZO DO 2024 DIA INTERNACIONAL DA MULLER

Transcríbese a proposta da declaración:

“A Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) conmemora este 8 de Marzo, Día Internacional da Muller, reafirmando o seu compromiso coa igualdade de xénero en todos os espazos da vida política e social local. Dende cada un dos trescentos trece concellos galegos se asume a necesidade de avanzar cara a unha representación paritaria de mulleres e homes nas corporacións locais. Nesa liña, estanse a dar pasos moi importantes, pero aínda non suficientes, como é ter pasado nestes últimos vinte anos de dezoito alcaldesas no ano 2003 a setenta e unha alcaldesas no ano 2023, o que supón un 22% dos concellos galegos. No caso das concelleiras a porcentaxe ascende ao 40%. E nas deputacións provinciais o 36 % son deputadas fronte ao 64% de deputados. As catro presidencias das deputacións contan todas elas con presidentes. Estas cifras reflicten que as mulleres seguen estando infrarrepresentadas nos espazos máis importantes de toma de decisións do eido local. As mulleres seguen a padecer máis dificultades que os homes para desenvolver a súa actividade política nos concellos e nas deputacións, espazos políticos aínda moi masculinizados, como tamén sucede na participación social local. Aínda así, en ambos casos se están dando importantes avances nos liderados femininos tanto no número de alcaldesas, concelleiras e deputadas provinciais, como nas asociacións veciñais, de nais e pais, de organizacións ecoloxistas e culturais. Dende os concellos galegos se recoñecen estes avances en reforzo de todo o labor que aínda queda por desenvolver ata conseguir que os concellos galegos sexan espazos onde a igualdade sexa unha realidade; abordando tanto as barreiras estruturais como as actitudes e percepcións que perpetúan a discriminación, e garantindo que todas as persoas accedan a mesmas oportunidades. 2 Neste período ata as próximas eleccións municipais teñen que seguir dándose pasos cara a igualdade, polo que a FEGAMP en representación dos concellos galegos se compromete a: → Promover a participación activa das mulleres na vida política e social local, mediante accións de sensibilización, capacitación e fomento do liderado feminino que permitan acadar a paridade nas corporacións e nas alcaldías. → Incorporar a perspectiva de xénero en todas as nosas políticas e programas, garantindo que se tomen en conta as necesidades e realidades específicas de mulleres e nenas nas nosas accións. → Aplicar medidas para garantir a igualdade salarial e de oportunidades no emprego, promovendo a participación equitativa de mulleres en todos os niveis e sectores laborais. → Impulsar campañas de prevención e sensibilización contra a violencia de xénero, dando apoio integral ás mulleres vítimas e traballando na erradicación da violencia machista.

Sométese a votación resultando aprobado por unanimidade, cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, dos concelleiros do Grupo municipal do BNG e do concelleiro do Grupo municipal Esperta Monforte.

4º.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.

O ditame é favorable á proposta con nove votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, do concelleiro do

Grupo Municipal do BNG e unha abstención do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“Visto o informe emitido con data 21 de novembro polo Técnico de Medio Ambiente do Concello relativo ao Plan Municipal de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais do Concello.

Vista a aprobación polo Pleno da Corporación con data 22 de novembro do 2022 do Plan Municipal de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais do Concello de Monforte de Lemos.

Informado favorablemente dito Plan pola Dirección Xeral de Defensa do Monte, con data 02.02.2024.

Polo exposto, PROPOÑO que o Pleno do Concello de Monforte de Lemos, adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación definitiva do Plan Municipal de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais do Concello de Monforte de Lemos.

SEGUNDO.- Remitir o acordo de aprobación definitiva xunto co Plan á Dirección Xeral de Montes. “

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Gloria M^a Prada sinala que no mes de novembro do 22 trouxóxe ao pleno a aprobación inicial, entón no mes de febreiro chegou o informe favorable da Dirección Xeral de Defensa do Monte se incorpora ao plan para a súa aprobación definitiva..

Intervén D. Emilio José Sánchez di que 4eles xa votaron a favor xa que é unha ferramenta moi necesaria no Concello, o que pide , en definitiva que se cumpra ese plan.

Intervén D. José Luis Rodríguez di que cando se trouxo o plan se abstiveron dende o grupo popular, agora van votar a favor. Sr. Alcalde ve como a Xunta de Galicia colabora, dille que segue vivindo de rentas dun goberno do PP.

Intervén D^a Gloria M^a Prada pide encarecidamente que pida ao Sr. Rueda que constrúa unha gardería municipal.

Intervén D. Emilio Sánchez dille a D. Jose Luis Rodríguez que o plan único implantouse en A Coruña a instancias do BNG e na Deputación foi un acordo de Goberno, e na única provincia onde se facía era na provincia de Ourense, polo tanto a cada un o que é de cada un.

Intervén D. José Luis Rodríguez di que el quere dicir que o Plan Unico foi aprobado pola Sr. Candía no 2015-2019, o BNG o aprobaría na Coruña onde quixera.

Intervén o Sr. Alcalde dicíndolle que hai que felicitar a vostedes porque gañaron as eleccións, hai que ser demócratas, non vai ser que haxa un chispazo, a Xunta de Galicia trata por igual a todos, igual que a televisión de Galicia, á deputación no ben, iso chámase igualdade. Cando se aprobou daquelas o Plan Unico, foi evidentemente no mandato de 2015-2019, a Sra. Candía foi presidenta tres meses e medio, o plan aprobouse despois, quere dicir que ela votou a favor, pero o aprobou o BNG-PSOE, o Plan Unico en Ourense acaban de implantalo en Ourense con 13 millóns, en Pontevedra acaban de chegar vostede e o recortaron un 25%. Quere dicir que plan único porque se cambiaron o nome, porque a Xunta non fai como as deputacións, a Xunta de Galicia non ten plan único, a Monforte non lle toca nada e aos Concellos de redor tócale convenio. Di que chegan a conclusión de que os alcaldes do Partido Popular negaban que eses fondos foran da Deputación, en vez de poñer o que está estipulado, poñían folios plastificados e eso é unha ilegalidade, se o fai á Xunta ou a Unión Europea lle fan devolver os fondos.

Fala do alcalde de Friol, resulta que monta unha “pirula” por unha obra, co oproxeco feito dende outubro, ao cabo de dous días dese pleno que vai arranxar camiños por un importe de 300.000 euros pero non di que son da Deputación, agora vaise chamar Plan Deputación, e polo menos van ter que poñer nos carteliños Deputación.

Sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade, cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, dos concelleiros do Grupo municipal do BNG e do concelleiro do Grupo municipal Esperta Monforte.

5º.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.

O ditame é favorable á proposta con oito votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista, do concelleiro do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto, e dúas abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“ANTECEDENTES

1º.- Con data 29.01.2024 o Pleno do Concello de Monforte de Lemos adoptou o acordo de aprobación da Consulta Pública da Modificación do Regulamento de Réxime Interno da Escola Infantil Municipal.

2º.- Dita consulta foi publicada, por un período de 15 días naturais na páxina web do Concello de Monforte, coa finalidade de solicitar cantas achegas adicionais poideran facerse por outras persoas ou entidades, de forma tal que os potenciais destinatarios da norma e quen realice achegas sobre ela tiveran a posibilidade de emitir a súa opinión, para o que se puxeron a súa disposición os documentos necesarios, coa debida claridade e concisión reunindo toda a información precisa para poder pronunciarse sobre a materia, sen que se presentara ningunha suxerencia.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

O Secretario Xeral do Concello de Monforte de Lemos, con data 16.02.2024 emite informe do tenor literal seguinte:

“INFORME DA SECRETARÍA XERAL DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS SOBRE A APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.

PRIMEIRO.- Consecuencia da autonomía local institucionalmente garantida é o recoñecemento en favor dos Entes que integran a Administración local dunha potestade administrativa como é a potestade regulamentaria que se considera pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en diante LRBRL) (art. 4) integrante do conxunto de potestades de que gozarán os Entes locais para que poidan participar por medio de órganos propios no goberno e administración de cantos asuntos lles afecten, exercendo as súas competencias.

SEGUNDO.- A potestade regulamentaria está atribuída aos entes locais na medida en que sexa necesario ditar normas de carácter xeral cunha forza paralela á que teñen os regulamentos autonómicos ou estatais, creando así, un ordenamento xurídico propio, e cuxo exercicio debe ser sempre respectado polo lexislador ordinario. Potestade que, de calquera modo, atópase sempre implícita no propio concepto do termo autonomía, un de cuxos significados é, precisamente, a capacidade de ditar normas.

TERCEIRO.- A LRBRL constitúe o marco legal definidor do dereito constitucional da autonomía local, atribúe aos municipios, provincias e illas, na súa calidade de administracións públicas de carácter territorial e dentro da esfera das súas competencias “as potestades regulamentarias e de autoorganización” no seu artigo 4. l.a).

CUARTO.- A propia LRBRL, de modo xeral, habilita ás corporacións locais a intervir a actividade dos cidadáns por medio de ordenanzas e bandos (art. 84.1 a), o que resulta un recoñecemento explícito da potestade regulamentaria das Corporacións locais, necesaria para facer efectivo o citado dereito constitucional á autonomía local.

QUINTO.- Pola súa banda, o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril (art. 55) determina que “na esfera da súa competencia, as Entidades locais poderán aprobar Ordenanzas e Regulamentos, e os Alcaldes ditar Bandos. En ningún caso conterán preceptos opostos ás Leis”. Como se ven de dicir, conforme ao art. 4 da LRBRL, a potestade regulamentaria corresponde aos municipios, provincias e illas na súa calidade de administracións públicas territoriais e, como tales, con dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao circulo dos seus intereses, en expresión do art. 2.1 LRBRL.

SEXTO.- Referente aos órganos titulares do exercicio da potestade regulamentaria, temos que dicir que o pleno da entidade é o titular do exercicio da potestade, en calquera caso. En efecto a LRBRL no art. 33.2. b), atribúe ao Pleno a aprobación de regulamentos.

SÉTIMO.- As ordenanzas e regulamentos locais, en canto manifestación da potestade regulamentaria, están suxeitos a uns límites formais e materiais. As normas ditadas polas

Entidades locais -froito da súa capacidade de autonormarse- son de rango regulamentario e quedan suxeitas, non só ao principio de competencia territorial, material ou obxectiva e orgánica, e ás normas de procedemento (límites formais), senón, ademais, ao principio de legalidade, xerarquía normativa (suxeición ao establecido na lei), e ao respecto ao principio de reserva de lei (límites materiais).

OITAVO.- Polo que se refire ao procedemento de aprobación é preciso sinalar que a LRBRL unifica o procedemento para a aprobación das manifestacións da potestade regulamentaria das Entidades locais, coas particularidades dos regulamentos orgánicos e das ordenanzas fiscais que establece a Lei reguladora das Facendas Locais.

O Texto Refundido dispón no seu art. 56 que a aprobación das Ordenanzas Locais axustarase ao procedemento establecido no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, debendo observarse para a modificación das ordenanzas e regulamentos os mesmos trámites que para a súa aprobación.

En efecto, a tramitación que establece no seu art. 49 axústase aos seguintes trámites:

a. Consulta pública previa.

De conformidade co artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación cidadá no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración dun proxecto normativo, se substanciará una consulta pública (artigo declarado contrario ao orde constitucional de competencias nos termos do fundamento jurídico 7º.b) e c) da Sentencia do Tribunal Constitucional 55/2018, do 24 de maio, se ben tal circunstancia non afecta á necesidade dos órganos de goberno locais de realizar a consulta pública previa á elaboración dun proxecto de regulamento)

b. Informes previos.

O artigo 3.3 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, recolle dentro das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que en todo caso se emitirá informe previo no suposto de aprobación ou modificación de Regulamentos.

c. Aprobación inicial polo Pleno.

Tras a devandita consulta e informe previo, ao Pleno correspóndelle a aprobación inicial, conforme establece o art. 49 a) LRBRL.

d. Información pública e audiencia dos interesados.

O art. 49 b) LRBRL determina que se ten que abrir, unha vez aprobado inicialmente, un período de información pública e audiencia aos interesados, non inferior a trinta días, para a presentación de reclamacións e suxerencias.

Aínda que a LRBRL non precisa que a apertura do período de información pública deba anunciarse no Boletín Oficial da Provincia ou simplemente é suficiente coa inserción no Taboleiro de Edictos da Corporación entendemos que se estará ao que dispón, para o efecto, o art. 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre a necesidade da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

- e. *Resolución de todas as reclamacións e suxerencias. Aprobación definitiva polo Pleno (art. 49. c).*

Finalizado o período de información pública, o Pleno, nun acto unitario, debe resolver as reclamacións e suxerencias e proceder á súa aprobación definitiva.

Pola súa banda o art. 49 LRBRL e establece que “no caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia, se entenderá definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional”.

f. *Publicación. Neste aspecto, a LRBRL dispón no seu art. 70 que “os acordos que adopten as corporacións locais se publican ou notifican na forma prevista pola Lei. As ordenanzas, incluídos o articulado das normas dos plans urbanísticos, así como os acordos correspondentes a estes cuxa aprobación definitiva é competencia dos entes locais, publicáranse no Boletín Oficial da Provincia e non entrarán en vigor ata que se publique completamente o seu texto e transcorrese o prazo previsto no art. 65.2”*

- g. *Entrada en vigor.*

Por tanto, no referente á entrada en vigor o art. 70.2 da LRBRL establece que as ordenanzas non entran vigor ata que se publicou completamente o seu texto e transcorrese o prazo sinalado no art. 65.2. Este prazo é o de 15 días hábiles con que conta a Administración do Estado e, no seu caso, as Comunidades Autónomas, para formular requerimento de anulación do regulamento, contados a partir do seguinte a aquel en que lle sexa remitida en cumprimento do disposto no art. 56 da LRBRL (seis días para a remisión máis quince días para o requirimento —arts. 196.3 e 215.2 ROF).

NOVENO.- A consulta pública previa foi realizada mediante a súa inserción no Taboleiro de Anuncios e na páxina Web do Concello de Monforte de Lemos, con data 30 de xaneiro do 2024, sen que presentase ningunha alegación ou suxerencia.

DÉCIMO.- No que se refire á maioría esixida para a súa aprobación o art. 47.2. LRBRL non esixe a maioría absoluta para a aprobación deste regulamento.

Por todo o anteriormente exposto infórmase FAVORABLEMENTE a proposta de aprobación inicial da Modificación do Regulamento de Réxime Interno da Escola Infantil Municipal.

É canto procede informar”.

Con base no anteriormente exposto propoño que o Pleno adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.

SEGUNDO.- De acordo co disposto no art. 49 b) LRBRL, abrir un período de información pública e audiencia aos interesados, por trinta días, para a presentación de reclamacións e suxerencias, debendo anunciarse no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos da Corporación.

TERCEIRO.- Dispoñer que, de acordo co establecido no art. 49 da LRBRL, no caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia, se entenderá definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional.”

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Margarita Rodríguez dando lectura á proposta presentada.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que van votar afirmativamente, gustaríalle lembrarlle ao Sr. Alcalde que todos teñen que ceñirse aos puntos, e despois vostede permítelle aos demais grupos.

Intervén o sr. Alcalde di que efecivamente non se pode ter unha intervención completa falando de cousas que non veñen a cuestión.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que eles van votar a favor, fala que en 15 anos as necesidades foron mudando, e basándose nos informes técnicos as necesidades son urxentes. Sempre ten que dicir neste punto lle gustaría que non houbera que traer ao pleno este tipo de ordenanzas, relativas á gardería que a gardería sería a nivel do país, antes lle esqueceu felicitar ao partido popular pola victoria, non obstante, teñen catro anos por diante para enmendar o que fixeron, e esperan que así o fagan.

Intervén D^a M^a Luisa Vázquez di que a súa intención de voto é a abstención, di que lle parece que dende a alcaldía despois de 9 anos de goberno se dea un paso cara adiante, pero cun pouco de retraso, na consulta pública previa non lle consta publicada nin na páxina web nin no boletín da provincia, gustaríalle que se informaran.

Intervén o Secretario Xeral informando sobre a publicación da consulta pública previa.

Intervén D^a Margarita Rodríguez manifestnado que non sabe que contestar, esta normativa xa estaba validada pola consellería, non tiveron en conta que hai unha lei de procedemento, de feito ten que ir coa normativa da Xunta de Galicia. Absterse é un pouco subrealista.

Intervén D^a M^a Luisa Vázquez di que eles si queren estudar esta proposta ata o último minuto, non esta aprobada ao cen por cen, poden presentar alegacións.

Intervén o Sr. Alcalde non poden vir aquí a dicir o que din. Agora hai aprobación inicial se publicará e aleguen vostedes o que queiran, teñen dereito xa o deberían saber, e logo vir a

dicir do programa social este é o goberno máis social de todos, compare a dedicación de diñeiro aos temas Sociais, hai que ter un atrevemento. Dille que están no pleno do Concello de Monforte deberían saber como funcionan. Hai unha corrección hai unha corrección non é que estea aprobada pola Xunta, está informada favorablemente pola Xunta.

Sométese o asunto a votación resultando aprobado por maioría, con once votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista, dos concelleiros do Grupo municipal do BNG e do concelleiro do Grupo municipal Esperta Monforte e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular.

6º.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓN E APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA MUNICIPAL DE TRÁFICO.

O ditame é favorable á proposta con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista, tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do concelleiro do Grupo Municipal do BNG, e un voto en contra do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“1º.- Con data 25.10.2023 o Pleno do Concello de Monforte de Lemos adoptou o acordo de aprobación da consulta pública da modificación da Ordenanza municipal de tráfico.

2º.- Dita consulta foi publicada, por un período de 15 días naturais, na páxina web do Concello de Monforte, coa finalidade de solicitar cantas achegas adicionais poideran facerse por outras persoas ou entidades, de forma tal que os potenciais destinatarios da norma e quen realice achegas sobre ela tiveran a posibilidade de emitir a súa opinión, para o que se puxeron a súa disposición os documentos necesarios, coa debida claridade e concisión reunindo toda a información precisa para poder pronunciarse sobre a materia.

3º.- Transcurrido o prazo de aportación de achegas, presentáronse as alegacións que constan no expediente.

4º.- En Sesión Ordinaria do Pleno de data 26.12.2023 acordouse aprobar inicialmente a modificación de diversos artigos e Anexos da Ordenanza municipal de tráfico.

5.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 298 de data 30 de decembro do 2023, inseriuse anuncio relativo á exposición pública da aprobación inicial da citada modificación da ordenanza de tráfico.

6.- O 30.01.2024 con RE 2642 ten entrada unha alegación, en relación á aprobación inicial que nos ocupa, suscrita por Dª Katherinie Varela Fernández, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular.

7.- Obra no expediente informe do Inspector xefe da Policía Local, de data 14.02.2024, do seguinte tenor literal:

“Una vez finalizado o prazo de exposición pública da modificación dos artigos 49 e 50 da ordenanza municipal de tráfico deste Concello da que foi aprobada polo Pleno da Acta Pleno 26.02.2024



Corporación o día 26 de decembro de 2023, consta recibida unicamente a presentada por Dna. KATHERINIE VARELA FERNÁNDEZ, con DNI 34269239K, actuando como voceira da Agrupación Municipal do Partido Popular, o día 30/01/2024 e con rexistro de entrada nº 20242642, na que solicita a introducción de modificacións relativas á ampliación de horarios de acceso de diversos colectivos, incluíndo mesmo o acceso sin limitacións a algún tipos de usuarios, así como a eliminación do límite de matrículas a autorizar para residentes e a implantación dunha aplicación informática que permita o control da entrada destes de forma que teñan flexibilidade horaria total así como a anulación dos expedientes sancionadores tramitados desde a entrada en servizo do sistema de videovixilancia.

Ante estas alegacións e a petición de modificacións que implican, esta xefatura informa o seguinte:

Primeiro: No escrito pídese no apartado 1 o aumento do horario de acceso do colectivo a que se refire o apartado f) do artigo 49 (Vehículos de reparto de mercaderías e servizos de mantemento de equipos e instalacións en locais e vivendas), propoñendo incluso a eliminación de limitacións horarias, o que, dentro das competencias de Policía Local, se informa negativamente polos seguintes motivos:

a) As zonas peonís son establecidas para ser usadas polos peóns de forma preferente a calquera outro uso e non son unicamente vías de desprazamento dos mesmos, senón que constitúen espazos de esparcemento nos que se levan a cabo xogos de menores, instalacións de terrazas de locais de hostelería, etc., nos que estas actividades se fan partindo da inexistencia de vehículos de forma que a circulación destes constitúe un elemento non previsto nin prevenido que supón un incremento do risco de atropelo. Por elo, a regulación de uso das vías peonís ten que facerse buscando a compatibilidade entre a necesaria presenza de vehículos para o abastecemento e servizo a establecementos e vivendas e a presenza de peóns, e considérase que a mellor distribución posible de tempos é a contida no texto da reforma aprobado no seo día o permitir a entrada dos vehículos nos horarios en que está constado que a presenza de peóns e usuarios de comercios, terrazas e establecementos en xeral e a máis baixa.

b) O paso de vehículos e unha actividade xeneradora de contaminación, tanto acústica como pola expulsión de gases de combustión e outros contaminantes, polo que debe ser reducida o mínimo imprescindible na cercanía das persoas e das actividades en que se manexen ou sirvan alimentos e bebidas, como é o caso das terrazas de hostalería existentes na maior parte das rúas peonís desta cidade, polo que na liña do dito no apartado anterior o paso de vehículos debe facerse tamén por este motivo nos horarios de menor actividade dos establecementos.



c) Considérase que o horario establecido, que pasa a ser de mañá e de tarde, totaliza 5 horas dispoñibles e asegurara a coincidencia co de funcionamento de calquera sector de negocio con presenza na zona peonil, é suficientemente amplo para cubrir todas as necesidades de distribución e servizos na mesma. Tense en conta ademáis que a Ordenanza reguladora da protección contra a contaminación acústica e por vibracións establece como horario de especial protección contra a contaminación sonora o comprendido entre as 22:00 e as 08:00 horas, polo que de permitir o acceso de vehículos en horario ilimitado daría lugar a que se fagan tarefas dentro do mesmo coas conseguíntes molestias para residentes.

d) Por último, considérase que o estar establecido con carácter xeral un horario de carga e descarga para o ámbito de aplicación da ordenanza, tal como fixa o artigo 59.1) da mesma, este deber ser o marco a ter en conta o non haber un motivo concreto baseado na problemática da vía, na demanda comercial ou doutras circunstancias xustificadas, que requira a aplicación doutro distinto e máis amplo na forma prevista no mesmo artigo.

Segundo. No segundo punto pídese a ampliación de horarios de acceso a residentes e non ter limitacións de vehículos que se establecen no apartado k) de nova creación, o que se informa negativamente o considerar que o acceso destes usuarios debe estar regulado e restrinxido polos mesmos motivos que se expoñen nos apartados a) b) e c) anteriores respecto das actividades de carga e descarga e prestación de servizos.

Terceiro. Nas alegacións terceira e cuarta, que presentan un contido relacionado, e nas que se pide a implantación dun sistema informático ou aplicación móbil que permita o control do acceso de vehículos de distribución e servizos (os comprendidos no artigo 49.f)) e dos de residentes e titulares de establecementos (os comprendidos no artigo 49.k)) permitíndose con elo unha flexibilidade horaria total e a eliminación do límite de dúas matrículas, infórmolle que por esta xefatura se mantén o criterio xeral de que a entrada de vehículos que non sexan de emerxencias ou que na ordenanza quedan expresamente autorizados a entrar en calquera horario, debe permitirse únicamente nos momentos de menor presenza peonil e menor actividade da hostelería e comercio para facer que a circulación rodada interfira o menos posible coa presenza e actividades dos peóns e así manter a máxima seguridade posible.

Por elo, se considera que a forma de proceder na actualidade ten que ser a que fixa a ordenanza segundo o texto da reforma en curso, tanto no que respecta o procedemento como nas limitacións impostas, sin descartar que no futuro se leven a cabo as actuacións e implantación de sistemas que resulten máis axeitados para o mellor funcionamento do sistema de control, pero sempre despois de valorar o funcionamento das actuais reformas e determinar as necesidades de mellora, e no seo caso, a forma de ser implementadas.

Cuarto. En canto a alegación do punto quinto de que aplique a retroactividade da norma o momento do inicio do funcionamento das cámaras de vixancia con anulación de sancións e devolución de cobros, por esta Policía Local non se fai valoración dado que o contido da mesma é alléo as competencias deste Corpo.”

8.- *Obra no expediente informe do Secretario Xeral de data 16 de febreiro de 2024, do tenor literal seguinte:*

INFORME DE SECRETARÍA XERAL SOBRE A ALEGACIÓN PRESENTADA POR DONA KATHERINIE VARELA FERNÁNDE, VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, RELATIVA Á A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DE TRÁFICO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.

1º.-A retroactividade favorable ao presunto infractor refírese a un principio de dereito con vinculación constitucional cuxa expresión chega ao dereito administrativo sancionador, segundo a redacción dada polo artigo 39.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (LPACAP), referido á retroactividade excepcional dos actos administrativos, que sinala que poderáse dar efecto retroactivo aos actos que "se diten ao substituír os actos anulados, así como cando produzan efectos favorables para o interesado, sempre que xa existían os supostos de feito necesarios na data en que a efectividade do acto teña carácter retroactivo e non prexudique os dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas”.

2º.- Como concordancia lóxica do disposto na LPACAP, o art. 26.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (LRJSP) inclúe esta retroactividade favorable, referida ás disposicións xerais (ordenanzas e reglamentos), facendo constar:

“As disposicións sancionadoras terán efectos retroactivos na medida en que favorezan ao presunto infractor ou ao infractor, tanto no que se refire á tipificación da infracción como á sanción e os seus prazos de prescrición, incluso no que se refire ás sancións pendentes de cumprir cando entre en vigor a nova. . disposición”.

3º.- O Tribunal Supremo, na súa Sentenza no 782/2023, do 12 de xuño de 2023, reitera o criterio xurisprudencial da Sala, xa establecido na STS do 16 de maio de 1988, que considera que o principio de retroactividade da lexislación penal máis favorable (e por analogía coas disposicións administrativas sancionadoras) debe aplicarse non só cando se modifique unha norma con rango de lei de carácter sancionador, senón tamén cando se produza a modificación (en materia de infraccións, sancións, prescrición, etc.) que afecte ás normas regulamentarias de desenvolvemento.

A aplicación da retroactividade da disposición máis favorable non se produce só cando se modifique a norma legal que tipifica a infracción senón tamén naqueles

supostos, como o que nos ocupa, en que se modifique a disposición de desenvolvemento, en concreto. a Ordenanza municipal de tráfico, na que se especifican os comportamentos infractores e as sancións con que se sanciona, no exercicio das competencias que son inherentes ao Concello de Monforte, de conformidade co disposto no art. 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

4º.- A redacción imperativa do art. 26 da Lei 40/2015 (LRJSP), cando sinala que “as disposicións sancionadoras producirán efectos retroactivos na medida en que favorezan ao presunto infractor”, non deixa dúbida de que é directamente aplicable e, polo tanto, a estimación da alegación non resultaría necesaria para que poidera dárselle os citados efectos. É dicir, non sería necesaria a declaración expresa de retroactividade na Ordenanza municipal de tráfico, naqueles supostos nos que a modificación dos seus artigos, que sexan obxecto de aprobación definitiva, favorezan ao presunto infractor ou ao infractor xa que dita retroactividade é un efecto previsto pola LRJSP, no citado art. 26, que é unha norma de rango superior á Ordenanza municipal, polo que non é necesario ningún requisito adicional nin disposición expresa, no ámbito municipal, que así o contemple.

5º.- En canto ao alcance dos efectos retroactivos, é dicir, a que aspectos afectaría a retroactividade, de conformidade co disposto no citado art. 26 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, seran aos seguintes:

- A tipificación da infracción*
- a tipificación da sanción*
- ao prazo de prescrición, tanto das infraccións como das sancións*

6º.- En canto aos expedientes que resulten afectados, por aplicación do disposto no art. 26 da LRJSP, de referencia continuada, afectaría aos expedientes en tramitación e a aqueles nos que se impuxo unha sanción que estea pendente de cumprir na data de entrada en vigor da modificación, cuxa aprobación se propón ao Pleno.

7º.- En canto á tramitación do acordo de aprobación definitiva que, se é o caso, se adopte, remítome ao Informe emitido por esta Secretaría Xeral, do 20.10.2023. que consta no expediente.

É o que procede informar

Con base no anteriormente exposto, PROPOÑO que o Pleno adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- *Desestimar a alegación presentada por dona Katherinie Varela Fernández voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, relativa á aprobación inicial da*

modificación da Ordenanza de tráfico do Concello de Monforte de Lemos, con base nos informes anteriormente transcritos.

SEGUNDO.- *Aprobar definitivamente a modificación da Ordenanza de tráfico do Concello de Monforte de Lemos, quedando redactados os artigos e Anexos, que se relacionan, na forma que, a continuación, se indica:*

“Artigo.- 49- Zona peonil.

1. Son zonas peonís aquelas vías ou zonas públicas que se destinen a uso exclusivo dos peóns prohibindo para iso o estacionamento e a circulación de vehículos, quedando unicamente autorizada a entrada e circulación de forma excepcional aos seguintes:

a) Os do servizo de extinción de incendios e salvamento, os das forzas e corpos de seguridade, ambulancias e os destinados ao mantemento ou a prestación de servizos públicos municipais, incluídos os de empresas concesionarias dos mesmos.

b) Os que trasladen ou asistan a enfermos ou persoas con mobilidade reducida con domicilio dentro do área ou zona peonil.

c) Os de servizo público que trasladen aos hóspedes de hoteis e residencias de anciáns situados dentro do área ou zona peonil.

d) Os que accedan ou saian de garaxes e estacionamentos autorizados dentro da área ou zona peonil.

e) Os taxis tanto para a recollida como para baixada de clientes con orixe ou destino en domicilios situados na zona peonil. Inclúese nas mesmas condicións os vehículos de aluguer con conductor, os VTC, pola súa similitude de funcións.

f) Previa solicitude e autorización, os vehículos con M.M.A. non superior a 3.500 kg dos tipos camión, furgón, furgoneta, vehículo acondicionado, derivado de turismo, vehículo mixto adaptable e pick-up, para o reparto de mercaderías e aprovisionamento dos establecementos e vivendas existentes na zona peonil e os de empresas e profesionais autónomos que cumpran os mesmos requisitos de peso máximo e tipo para a realización de tarefas de mantemento de equipos e instalacións en locais e vivendas ou prestación de servizos, entre as 8:00 e as 11:00 horas da mañá e as 16:00 e 18:00 horas da tarde.

g) Previa solicitude e autorización, os que abastezan combustibles a edificios ou establecementos situados dentro da área ou zona peonil, entre as 8:00 e as 11:00 horas da mañá e as 16:00 e 18:00 horas da tarde. O subministro de combustibles que non requiran o emprego de vehículos cisterna ou especificamente acondicionados farase exclusivamente nos mesmos tipos que se autorizan no apartado f) anterior. Poderán facerse descargas de leña ou similares desde tractores agrícolas ou carroquetas cando non superen os 3.500 kg. de MMA e non se faga descarga na vía pública.

h) Os que abastezan materiais, retiren residuos ou presten servizos na construción, rehabilitación ou mantemento de edificios ou establecementos situados dentro da área ou zona peonil, para obras con licenza, e autorizados previamente.

i) Os especificamente autorizados tras solicitude motivada que esixa o uso de vehículos para o transporte de bens ou a prestación de servizos.

J) Os que trasladen materiais ou presten servizos en dependencias municipais e os adscritos o servizo de entidades públicas de carácter oficial situadas dentro da área ou zona peonil, ata un máximo de dous ao mesmo tempo por cada dependencia ou entidade, salvo para os eventos e actos en que previa motivación quede acreditada a necesidade dun número maior.

k) Os vehículos de persoas empadroadas e de propietarios/as de inmobles na zona peonil para transporte os seus domicilios das compras particulares e bens de uso doméstico, con limitación de un acceso por cada tramo horario de cada día e por tempo máximo de vinte minutos e previa solicitude e obtención de autorización, habendo comunicado previamente a matrícula do vehículo ou vehículos empregados, entre as 8:00 e as 11:00 horas da mañá e as 16:00 e 18:00 horas da tarde, durante todos os días da semana.

Quedan incluídos neste apartado cos mesmos requisitos e horario que os anteriores, os vehículos das persoas titulares de establecementos e comercios ubicados na zona peonil e que estén en funcionamento. Para os comprendidos neste apartado, autorizaráanse ata un máximo de dous vehículos por persoa empadroadada ou propietaria e por establecemento ou comercio.

2. As vías peonís actuais do Concello de Monforte de Lemos son as que se relacionan no Anexo I-B da presente ordenanza.

3. O Concello dentro das súas competencias de ordenación, control do tráfico e uso das vías públicas da súa titularidade poderá establecer outras vías ou zonas peonís.

4. As persoas afectadas ou interesadas no regulado neste artigo, dispoñerán dun prazo dun mes improrrogable para a regularización á nova normativa.

Artigo 50.- Autorizacións.

1. Vehículos que non precisan autorización previa para acceder á zona peonil.

Os vehículos comprendidos nos puntos a), c), d), e), e j) do punto 1 do artigo 49, dentro do exercicio das súas funcións e do horario expresamente autorizado no seu caso, non precisan autorización previa para acceder e circular polas zonas peonís. Todo elo salvo variación das circunstancias.

2. Vehículos cuxo acceso á zona peonil precisa autorización previa.

a) O acceso dos vehículos comprendidos nos puntos b), f), g) h) e i) queda suxeito ao réxime de autorización previa que se tramitará mediante solicitude dirixida ao concello polo promotor ou polo contratista da obra ou polo titular do vehículo ou vehículos cuxo acceso se pretenda polos restantes motivos, e que tras informe da Policía Local, o Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico resolverá. Todo elo salvo variación das circunstancias.

b) O acceso dos vehículos comprendidos no punto k) do artigo anterior queda suxeito ao réxime de autorización previa que se tramitará mediante solicitude dirixida ao concello pola persoa interesada quen aportará a matrícula ou matrículas dos vehículos cuxo acceso se pretenda ademáis de acreditación da súa residencia, condición de propietario, ou titular de establecemento na zona peonil, e que tras informe da Policía Local, o Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico resolverá. Todo elo salvo variación das circunstancias.

3. Tramitación de solicitudes e comunicacións de matrículas.

Os efectos da adecuada xestión do sistema de control de acceso mediante sistema videovixiancia que, no seu caso, establezca o Concello e mentres esté en vigor, os titulares ou os responsables dos vehículos comprendidos no artigo 49, quedan suxeitos as seguintes obrigas:

a) Os comprendidos nos apartados a), c), d) e e) quedan obrigados a comunicar o Concello ás matrículas dos que utilicen, así como a baixa dos mesmos ou finalización da prestación do servizo que houbese motivado o seu acceso.

b) Os comprendidos no apartado b) quedan obrigados a presentar xunto a solicitude de acceso, na que incluírán a matrícula ou matrículas dos vehículos empregados, a documentación médica que acredite a situación de enfermidade ou carencia de mobilidade e na que conste que a persoa afectada require asistencia e traslado en vehículo, ou a de ter recoñecida minusvalía con falta de mobilidade ou a de dependencia. Únicamente se terá en conta documentación expedida polos servizos públicos de saúde ou de valoración de incapacidade.

c) Os comprendidos no apartado f), g) e i) quedan obrigados a presentar xunto a solicitude de acceso, na que incluírán a matrícula ou matrículas dos vehículos empregados, a motivación en que basean a súa petición.

d) Os comprendidos no apartado h) quedan obrigados a presentar xunto a solicitude de acceso, na que incluírán a matrícula ou matrículas dos vehículos empregados, acreditación da existencia de licenza de obra ou autorización de ocupación da vía pública, así como o prazo de tempo para o que solicitan o acceso, que nunca poderá iniciarse antes da aprobación da mesma, nin ser superior á súa duración.

e) Os comprendidos no apartado j) quedan obrigados a comunicar o Concello con alomenos vinte e catro horas de antelación o momento da entrada que se pretende realizar, excluídos días inhábiles, as matrículas dos vehículos que van a utilizar con indicación do evento ou motivo de acceso, data e horarios de entrada, así como, no seu caso, a motivación de acceso con un número superior a dous o mesmo tempo. Esta comunicación poderá ser feita ademais de polas persoas titulares ou responsables dos vehículos, polos organizadores dos eventos ou actos que requiran a súa entrada a zona peonil.

f) Os comprendidos no apartado k) quedan obrigados a presentar xunto a solicitude de acceso, na que incluírán a matrícula ou matrículas dos vehículos empregados, a documentación acreditativa de ser persoa empadroadada, propietario/a de inmovible ou titular de establecemento público aberto na zona peonil. Exceptúanse da obriga de aportar esta documentación as persoas físicas empadroadas na mesma.

4. Prazos de vixencia das autorizacións.

Para os vehículos cuxo acceso á zona peonil precisa autorización previa, aplicaránse os seguintes:

a) Para os comprendidos no apartado b), no caso de peticións derivadas de incapacidade temporal o tempo de duración inicial será de ata tres meses, prorrogable por idénticos períodos a petición da persoa solicitante, previa acreditación do mantemento da causa que motive a autorización inicial. En todo caso, o límite de duración desta autorización será como máximo o de duración da situación de incapacidade transitoria que motive a súa concesión.

Nos casos de causas derivadas de situacións de carácter permanente, as autorizacións terán un tempo de duración de ata dous anos, prorrogable por idénticos períodos a petición da persoa interesada, previa acreditación do mantemento das condicións que motivaron a autorización inicial.

b) Para os comprendidos no apartado f), g) as autorizacións terán un tempo de duración de ata dous anos, prorrogable por idénticos períodos a petición da persoa interesada, previa acreditación do mantemento das condicións que motivaron a autorización inicial.

c) Para os comprendidos no apartado i) as autorizacións terán o tempo de duración e condicións que se fixen na mesma en función do motivo polo que se conceda.

d) Para os comprendidos no apartado h) o tempo de duración inicial será de ata un ano, prorrogable por idénticos períodos a petición da persoa solicitante. En todo caso, o límite de duración desta autorización será como máximo o da vixencia da licenza de obra ou permiso que o motive, incrementado nas prórrogas que no seu caso se concedan.

e) Para os comprendidos no apartado k), quenes residan en réxime de alugueiro o tempo de duración será de un ano, prorrogable por iguais períodos, previa acreditación da vixencia

do contrato de aluguer e co límite máximo da duración deste, e para os propietarios e titulares de establecementos o tempo de duración inicial será de tres anos, prorrogables por períodos de igual duración, previa acreditación do mantemento das condicións que motivaron a autorización inicial, salvo que cese na súa actividade.

5. Normas xerais.

a) A validez de calquera tipo de autorización queda condicionada a que a persoa beneficiaria da mesma cumpla en todo momento os requisitos que motivaron a súa concesión. O Concello poderá proceder a anulación daquelas que, aínda que estén dentro do prazo de vixencia concedido, se comprabe que xa non se están a cumprir ditos requisitos.

b) O Concello poderá modificar as condicións de acceso ou mesmo prohibir parcial ou completamente a circulación dos vehículos autorizados, durante as datas en que se celebren actos ou eventos na vía pública que resulten incompatibles co paso de vehículos, ou cando se den circunstancias motivadas que así o requiran.

c) O Concello poderá anular calquera autorización de acceso cando detecte que o uso da mesma non se fai conforme a actividade ou uso para o que se solicitou e que motivou a concesión.

d) As autorizacións son persoais e non transferibles.

6) Medios de presentación de solicitudes de obtención de autorizacións e comunicación de matrículas.

A presentación de solicitudes para os casos en que se esixe autorización previa faráse na forma e cos requisitos establecidos pola Lei de procedemento administrativo común das administracións públicas e poderá tramitarse de forma presencial no Rexistro do Concello de Monforte ou de forma telemática a través da Sede Electrónica.

A comunicación de datos, matrículas ou trámites que non supoñan petición de autorización poderá facerse mediante sistemas dixitais como direccións de correo electrónico, sede electrónica, ou aqueles outros que o Concello poña a disposición das persoas interesadas.

7) Autorización de accesos de urxencia.

No caso de darse unha situación urxente e sexa necesaria a entrada fora das horas establecidas por calquera vehículo, faráse previamente ó acceso unha comunicación telefónica á Policía Local, por WhatsApp, ou SMS, ou polos medios dixitais que o Concello determine e poña a disposición das persoas usuarias, especificando o motivo da entrada, os datos da persoa conductora e a matrícula do vehículo, e posteriormente xustificará de forma documental a necesidade de entrar na zona peonil.

Esta xustificación documental terá que facerse no prazo de dez días hábiles a partir do seguinte a entrada. A carencia da mesma ou a aportación dunha motivación que non xustifique a urxencia darán lugar a consideración do acceso como infracción e a aplicación da sanción que corresponda.

Igual tratamento terá a permanencia na zona por tempo superior o necesario para resolver a situación de urxencia que deo lugar a entrada.

ANEXO II - CADRO CODIFICADO DE INFRACCIÓNS

Artigo 49.- Zona peonil

NORM A	AR T	AP T.	OP C.	PUN.	CALIFICACIÓ N	TEXTO INFRACCIÓN	IMPORTE IMP. RED.
O.M.C.	049	1	1A	0	Grave Art.129 c)	Circular co vehículo sinalado por zona peonil sen tratarse dun tipo de vehículo autorizado.	200,00 € 100,00 €
O.M.C.	049	1	1B	0	Grave Art.129 c)	Circular co vehículo sinalado por zona peonil tratándose dun tipo de vehículo autorizado fóra do horario permitido.	200,00 € 100,00 €
O.M.C.	049	1	1C	0	Leve Art.128 c)	Superar o tempo de vinte minutos establecido para transporte os domicilios e establecementos das compras particulares e bens de uso doméstico.	80,00 € 40,00 €

Artigo 50.- Autorizacións. (Zonas peonís)

NORMA	ART.	AP T.	OP C.	PUN.	CALIFICACIÓ N	TEXTO INFRACCIÓN	IMPORTE IMP. RED.
O.M.C.	050	2	2A	0	Grave Art.129 c)	Circular co vehículo sinalado por	200,00 € 100,00 €



						zona peonil carecendo de autorización cando esta sexa precisa.	
--	--	--	--	--	--	--	--

TERCEIRO.- De acordo co disposto no artigo 70 da LRBRL, publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.”

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Katherinie Varela Fernández dique eles presentaron alegacións a pesar de que no momento da modificación da ordenanza porque entenden aínda que lles alegra que entenderán a situación de maneira a entrada de vehículos nas zonas peonís, lles parece non hai suficiente flexibilización para determinados colectivos. Hai unha serie de colectivos que están máis afectados que non teñen praza de garaxe, lles obrigan soament a entrar nas horas de carga e descarga, lles parece que debería de haber unha flexibilización total, ao mellor esas horas non poden entrar, ao mellor porque están traballando, ou facendo calquera outra cosa. Tamén o pensan cos comerciantes tamén deberían ter esa flexibilidade de poder entrar en calquera momento, unha cousa é carga e descarga nas zonas de aparcamento, e outra cousa nas zonas peonís, tamén as empresas e autónomos que necesitan entrar nun determinado momento, en definitiva, o que pretendían era unha flexibilización total e tiveran máis liberdade para entrar nesas zonas peonís. O que pretenden é facilitarlle á vida aos cidadáns, se fai noutras cidades a través de bolardos móbiles, unha aplicación no momento que se entra e a policía local tería información completa e inmediata, se se queren facer as cousas se fan e se quere facilitar a vida aos cidadáns, por outra banda, falaban de retroactividade das sancións, saben que é complicado que se necesita ten fundamento xurídico para isto, tamén é certo que no informe do Secretario se facilita esa retroactividade, entón eles entenden que tamén se podería facer sen ningún tipo de problema. Cren que se pode facer esa flexibilización e esa retroactividade, hai persoas que polo seu traballo, coñecen os casos nun momento de ocio, a norma hai que cumplila, pero hai persoas que teñen o seu traballo que tiveron que pagar unha cantidade inciente de sancións. A esperanza de que poidan apoiar estas alegacións.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que referente ao tema das alegacións Esperta Monforte di que lle parecen ben, estaban a favor do tema da flexibilización, e certo que neste caso, di que eles non fixeron máis alegacións non ían ter lugar o tema dos 20 minutos e vostedes lles parece oportuno e suficiente, a eles lles parecía que iso non era así, e efectivamente teñen un informe da Policía Local, di que eles o que teñen a día de hoxe , para que a eles lle sexa máis sinxelo, lle gustaría estar o máis informado posible, e despois lle tiran das orellas a xente que non se adican a isto.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo se vostede pide ceñirse á cuestión non pode chamar prepotentes por levar a cabo o seu grupo, se lle chama á atención ao señor do grupo popular por non ceñirse á cuestión faga vostede o mesmo.

Continúa falando D. Jaime Germán di que vostedes volveron a poñer 1.000 multas, tamén aproveitar para dicir si que é certo que lle gustaría que aclararan o tema das multas e reiterar que eles cren que non tema dos 20 minutos non é certo, do tema que sexa a mesma persoa sempre e as mesmas matrículas, hai casuísticas diferentes.

Intervén D. Emilio José Sánchez supón que estará especificado no ROF porque a voceira poida defender. Aquí o asunto o que eles botan en falta que non se modifícase a ordenanza antes de poñer as cámaras. Ás veces cando se fai unha ordenanza dunha administración pública, unha ordenanza que ten que ser de todos, hai que pensar unha cousa, se queren facer rúas peonís ou rúas mixtas, se se abre a man dende a administración, a enmenda lles parece correcta, na maior parte do seu texto, falan aquí dos horarios, os horarios marcouse das 4 ás 6, tomando como referencia de cartga e descarga, e moito menos molesto entrar as 3 da tarde que hai moito menos tráfico peonil, se toman como referencia a carga e descarga, o de nomear máis matrículas que unha, isto da pé á picaresca. Fala de que deben de facer unha ordenanza flexible e que teñan sentido, haberá casos específicos ter que estúdíalos polo miúdo, se algunha persoa carece de vehículo propio e ten imposibilidade para camiñar, se fai un escrito aínda que na ordenanza non veña especificado, pódese como caso excepcional facelo. Utilizar isto como ferramenta de desgaste non porque quedara para o futuro, habería que aprobala por unanimidade, que todos teñen esa ordenanza clara na cabeza e , en definitiva, é melloralala. No tocante a anular as sancións con carácter retroactivo, habería que estudar caso por caso, aínda que esta alegación se tumba, se ten dereito de reclamar esa sanción nos puntos onde modifica que a xente o faga libremente.

Intervén D. Ibán Torres di que como se pode ver na documentación enviada trátase da aprobación definitiva. A aplicación retroactiva non é legal, a regulación das vías peonais buscando a compatibiliade, de aí que se fixe unha franxa horaria, que totaliza 5 horas, asegurar o bo funcionamento, a cuestión que plantexa onde conviven vehículos e peatóns, sin distinción horaria, esa zona deixa de ser zona peatonal. Di que debe rían facerse propostas ao pleno dentro da legalidade, o que vostede pide non é legal. Con esta proposta algún veciño se podería levar a engano, en todas as cidades hai horarios para a carga e descarga. Insiste si se habilita o acceso para o vehículo e peatóns evidetemente deixaría de ser peatonal. A lei 40/2015 sinala a retroactividade, cando haxa unha modificación da norma cando teña un expediente aberto, dende que a sanción está pagada o expediente está pechado, dicir o contrario é enganar á xente. Repito aqueles cidadáns que teñan abertos os expedientes, tan pronto que se puobique no boletín da provincia poderán ser beneficiados, quén teña o expediente pechado non poderían presentar alegación, está pedindo que se cometa un delito.

Intervén D^a Katherinie Varela da as grazas pola aclaración, por iso é positiva esta circunstancia. Si os cidadáns decidir presentar reclamacións tamén poderán contestar o que teñan que contestar, eles o faran saber as persoas que lle consulten. E tamén verá con posterioridade se se pode facer. Eles se manteñen na necesidade e importancia daquelas persoas que teñen residencia nalgunha zona peonil o aqueles que tñeen negocios nas zonas peonís deberían ter esa flexibilización horaria, polo tanto por moito que o señor Emilio veña con gañas de concordia, di que eles están defendendo os intereses dos cidadáns, eles o fan con total respecto e educación, cren sobre todo que a retroactividade dalle a razón ao Sr. Torres, si que cren a flexibilización das persoas residentes e dos autónomos.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez da as grazas pola aclaración do tema das multas. O certo é que non é unha ordenanza de tráfico, soamente falan de dous puntos, non aceptan ningunha soa alegación ningunha, é certo que o resto son os únicos que están errados. E despois, haberá que esperar ao final do pleno, por exemplo o tema dos vaos, ao mellor non son máis de 10, hai cousas que agora non é tan sinxelo si que se podería ter modificado agora, reiteran que van ver o tema dos 20 minutos que seguen pensando, si que é certo nestes momentos se podería falar, é certo que isto vai en contra de moitos comerciantes e residentes.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que xa dixo que as alegacións que presentou ían en aras de mellorar a ordenanza, non se ven aquí con ánimo de reunión, nin con ánimo de que isto sexa bonito, trátase de que veña aquí a facer desgaste, a ordenanza ten que saír de aquí da maior forma posible, non é por outra cousa. Gustaríalle saber do que levan de tempo funcionando as cámaras, cantas persoas solicitaron que non teñen transporte propio, cantos vaos hai. El foi en primeira persoa para acceder nunha obra na Praza de España, hai moita xente que non sabía da normativa, é normal que se sancione. Fai pouco que tiveron que quitar un permiso para acceder á Casa da Cultura, oq eu se trata aquí é flexibilizala ata certo punto, eles vanse abster, en definitiva, a ordenanza é mellorable é necesaria, inlocuso tamén son conscientes de que había unha e houbo que modificala, haberá tempo de modificala.

Intervén D. Ibán Torres manifesta que o que prantexa dona Katherinie va en contra da xeneralidade que teñen as leis. Neses supostos haberá que buscar solución a excepción pero que xa esta contemplado da Lei. Xa anunciou que vai votar en contra, o informe da Secretaría forma parte do expediente, e todo isto é público, se filtra á prensa, e logo despois saben que non é legal e posible, permítame que dude da súa boa vontade. Votar en contra desta ordenanza é votar en contra do interese dos monfortinos. Con respecto á limitación horaria, se a entrada de vehículo é libre deixa de ser peatonal.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que quere aclarar algunhas cousas. D²! Katherinie vostede cre que eles queren crearlle á xente, aquínon se trata de perxudicar a ninguén o que se trata é de regulalo. Fala vostede de flexibilización total, iso non existe e, por poñer soamente un exemplo na Coruña na zona digamos na zona peonís, detrás dos cantóns, poden entrar ata as 10 da mañá, e a partir de aí se corta ao tráfico, o que non poden ata as 12 e porque non ata a 1, e hora das terrazas no Cardenal 20 coches seguidos, na rúa Dr. Teixeiro, rúa Comercio, non procede, é zona peonil que ven da etapa do goberno do Partido Popular, eles son puxeron a Calexa, Armando Cotarelo, o único que fan é regular esta situación e dende logo se houbo tantas denuncias e porque alguén non estaban cumprindo as sinais, iso non é culpable ningún goberno, hai unha zona onde máis multas se puxeron, onde están os taxis iso era un paso como senón houbera unha sinal de prohibido, mentres estea así hai que respectala.

D³ Katherinie ela veu como concelleira da Corporación, non veu ningún veciño, gustoulle moito a súa intervención, foi coherente no que dixo. Por qué se fala de 4 a 6 porque non se fala de 3 a 6, porque as 4 están abertos os comercios, dende as 8 da mañá é un horario que ven dende sempre, se valeu ata agora, non sabe porque non vale agora, fala vostedes de casos excepcionais, chamando á policía local a policía valora nese momento se se pode pasar, ante unha necesidade a policía obrará correctamente. Falaban vostedes de esperar un mes, seguro que dentro dun mes, haberá unha coma que podería aparecer, se no futuro unha cousa que se evidencia que houbera que correxila, pois se fará.

Dille a D^a Katherinie vostede que cree que cando a da coñecer un informe eque é público e conta coma se fora unha cousa que estaba tapada, e por riba publicaron mal os medios ou informaron mal, dar a coñecer os informes antes de que os teña vostede, pero se os van vostedes para facer “torticera” a información, cre sinceramente vostede quixo anotarse un tanto para os seus seguidores, para o gran público non, inda hoxe mesmo, houbo xente que lle dixo grazas por dicir a verdade, cando o expediente está pechado non hai volta atrás, pero se están sen pechar beneficia ao cidadáns, para evitar esas tentacións van dar a coñecer o concunto da documentación aos medios de comunicación.

Sométese o asunto a votación resultando aprobado por maioría, con oito votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, catro votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto e dúas abstencións dos concelleiros do Grupo municipal do BNG.

7º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL ESPERTA MONFORTE-GRUPO MIXTO PARA ELABORACIÓN DO PXOM DE MONFORTE.

O ditame é favorable á proposta cun voto a favor do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto e nove abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do concelleiro do Grupo Municipal do BNG, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

“Traballar de cara á elaboración do PXOM de Monforte”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dando lectura da moción presentada.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que isto xa foi debatido noutras ocasións, e o programa electoral non o leu, se pon aquí empezar cos estudos, e no seguinte se fala de seguir cos estudos, estaría ben que lle informasen destes estudos. Di que eles van votar a favor.

Intervén D^a Katherinie Varela di que eles o levaban no seu programa electoral. Hai que aprobar esta iniciativa realmente cre que é importante para o Concello. Cren que non é coherente o que se fai dende o equipo de goberno de urbanizar novas parcelas, e a creación da zona C, o ideal non era facer o sistema de cooperación, consideran que por iso o plan xeral ten que ser unha ferramenta fundamental. Eles van apoiar esta iniciativa.

Intervén D. Ibán Torres di que está vostede cansando de traer a mesma moción, imaxínese vostedes os demáis. De todo o que dixo aquí dicir que o programa o desenrolan eles, se queda como un dato, o di un grupo cun mesa de duro traballo, trae aquí unha moción repetida, se remite a intervencións anteriores.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que como xa lle dixo o voceiro o programa do PSOE lle corresponde a eles, e se lle deixan o resto do partido defender o deles. Se tan importante é o PXOM porque o tiraron vostes dúas veces, e porque o deixaron morrer o plan especial, porqué. Vostede debería dar resposta a iso, fala vostede do que teñen no programa, fala do programa dos estudos previos, qué entende?, eles o que están vendo que posibilidades hai e

distintas opción, agora mesmo coa actual normativa hidráulica, agora mesma afectaría a moitos monfortinos, non van agora a mover iso, porque perxudicaría a moita xente, neste momento estase facendo unha modificación do Plan Hidráulico que afecta a Monforte, cando rematen o darán a coñecer, supón que tamén o dará a Confederación, espera que sexa máis beneficioso que o actual. Dille a D^a Katherinie que non sabe que o pretende vostede, o que tiñan aprobado era o modelo de compensación, e logo na etapa do goberno do BNG o cambiaron a cooperación, no caso da zona D o cambio este equipo de goberno, despois de 20 anos os veciños non o desenrolaron, o concello vai recuperar a inversión que houbo aí, a través do pago dos interesados, ou ben a través da subhasta pública deses terreos, polo tanto esperan que ao longo deste ano estea rematado todo.

Sométese o asunto a votación resultado rexeitada a moción con oito votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto.

8º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA ELABORACIÓN DUN PLAN DE ACTUACIÓN PARA MELLORAR A IMAXE URBANÍSTICA DA CIDADE E CORREXIR O ESTADO DE RUINA NO QUE SE ATOPAN MOITOS INMOBLES.

O ditame é favorable á proposta cun tres votos a favor dos concelleiro do Grupo Municipal Popular e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista e do concelleiro do Grupo Municipal do BNG, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

. Elaboración de un plan de actuación para mellorar a imaxe urbanística da cidade e corrrixir o estado de ruina no que se atopan moitos inmobles:

Execución de derribos nos casos máis flagrantes ante a inacción ou desaparición do suposto propietario.

Acollemento os plans de outras administracións en materia de vivenda para rehabilitación e posta a disposición de vivendas.

. Liña de axudas de mellora de fachadas en vivendas que se atopan no casco histórico”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Katherinie Varela dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez vostede poñían seguir coas actuacións do casco histórico, o certo é que dar un paseo polos Escolapios, vostede nin sequera serán capaces que en Monforte hai un montón de casas que está en estado ruinoso. O que hai que pensar é que en Monforte hai un problema de que hai un montón de vivendas en mal estado e que, dende Esperta Monforte si que é certo que hai unha arquitecta municipal, medios e mecanismos por e para iso e non se están facendo. Non se está traballando, de feito vostedes compraron dúas casas en Santa Clara coa idea inicial como mínimo de tiralas, unha non estaba catalogada pero outra sí. Pedir á Xunta de Galicia para que ise feísmo remate.

Intervén D. Emilio José Sánchez fala da transversalidade desta iniciativa. Di que o PXOM é unha ferramenta que se precisa, porque hai unha parte da cidade de Monforte que está influenciada polo Plan Especial, pero noutros edificios o PXOM sería a ferramenta para ver que se podería facer, eles van votar a favor polo seu espírito, é algo que hai que atallar,
Acta Pleno 26.02.2024

sinala que é bastante precavido neste tema, a Xunta debería incrementar ese orzamento da zona ARI, dotar de partidas orzamentarias a nivel municipal, tamén sepodería facer un catalogo de edificios senlleiros que puideran ser nalgún tempo sitio de reunión, para poder dende o Concello buscar a maneira de actuar, e sobre todo outra ferramenta esa aceleración dos trámites de documentos en amteria de rehabilitación e reconstrucción pero tamén dende a administración axilizar eses trámites.

Intervén D. Ibán Torres di que habería que concretar que se ten por plan de actuación e na medida de axudas en qué consiste. Corresponde aos propietarios de manter os edificios privados, fala vostede na súa moción de estado de ruina, pero deberían saber todos nunha situación de ruina, amparado por informes técnicos. Cando é necesario se fai un fondo subsidiario, o propietario é o responsable o que fai o concello é reclamarlle e isto leva uns trámites, o que non van facer asumir competencias que non lle corresponde, a administración pode facer soamente o que a lei o permite. A liña de axudas a terán que solicitar á Xunta ou na oficina de rehabilitación. Sinala cales son os casos máis flagrantes de ruina do Concello. Fala co IGVS para que aprobe o REXURBE, no tocante ao Concello de Monforte non son tan dilixentes. Fagao vostede iso sería unha boa victoria, xestione isto, isto sería moi positivo para Monforte. O que ten que facer a xunta é impulsar a política de rehabilitación con partidas suficientes. Deberían pensar o que é o interese do seu partido e o que é a acción do goberno que o interese dun país, aquí se defender os intereses de todos os cidadáns.

Intervén D^a Katherinie Varela dille a D. Ibán que vostede interpreta a lei como lle convén. Vostede di que o diñeiro público non está para arranxar as casas particulares, existen axudas para axudar a particulares. Non diga que non ve esas cosas nas rúas de Monforte, houbo unha noticia na rúa do Burato, fala da situación e abandono dalgunhas casas. En canto ao que fala do plan REXURBE se vostede lle permiten o fará para iso se vostede dinq ue solicitaron o Plan REXURBE ela poñera interese nelo, necesita que lle digan que presentaron, non ten problema en averiguar que sucede, noutros Concellos que son gobernados por outros grupos políticos, se vostede piden a conveniente cita coa persoa adecuada e presentan polos mecanismos establecidos, entenden que non teñen ningún problema. Se vostedes queren ela se presta a que o plan REXURBE sexa unha realidade en Monforte.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que vostede non vexa as ruínas, non quere dicir que non as haxa. O alcalde pediulle a un funcionario que fixera fotos das pancartas de “salvemos o Malecón”, tamen pode ir cos ollos pechados, pero é certo que o que non poden ser capaces de dicir aquí que non hai casas que están en ruínas, hai nun montón sitios que hai casas precintadas onde non se pode pasar. Vostede digan o que queiran non se pode vir aquí e intentar negar as evidencias.

Intervén D. Ibán Torres que vostede ten moito tempo máis para pasear que el. Dille a D^a Katherinie que celebra que asuma a responsabilidade, se vostede quere ser alcaldesa, non faga propostas, faga cousas que sirvan para mellorar a vida da xente.

Intervén D^a Katherinie Varela di que eles presentan propotas que lle transmiten os veciños, aínda que eles gobernan, a eles tamén lles votan. Cren que é imoportante centrarse neste asunto que o equipo de goberno amose máis interese no tema das vivendas. Por iso mesmo lle piden que fagan ese plan de actuación, di que ela vai amosar o maior interese no Plan

Rexurbe estarán en contacto neste tema. Entre todos consiguen mellorar a imaxe da cidade os veciños estarán contentos e ademáis é do que se trate.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que fai máis de tres anos o PLAN REXURBE, o contrataron coa mesma empresa que o fixo para outros Concellos, e agora parece que van darlle para adiante, parece que algo lles van a dar.

Falaba antes do barrio da Estación, o barrio da Estación que el vive nel, cambiou como do día a noite, recorda cando estaba Calvo Sotelo, a rúa Calvo Sotelo non é municipal, é da Xunta pero a arranxaron, arranxaron Curros Enríquez, Rosalía de Caastro, Pontevedra, Juan Montes, Ferrocarril, Padre Feijoo, Rioseco, toda a zona da estación arranxouse e agora vai a sufrir en positivo vai ter uns cambios importantes na estación, xa verá vostede cando se supriman dous pasos a nivel, iso vai cambiar espectacularmente, aquí fai uns días estiveron os veciños propietaos das fincas co ADIF, levantamento da actas de ocupación, así é como se traballa e mellora, as grandes obras levan anos. Di que el nunca minte. De verdade ás veces dicir aquí Ranverde, Santa Clara, Estación, todo o que acaba de dicir esta dentro da zona ARI, a zona da Estación ampliouse, pero Santa clara, Ranverde e o Campo de San Antón xa está. Se cae un cascote na rúa Corredoira será responsabilidade do que fixo o edificio, non será responsabilidade do Concello. Ademáis vostedes mireno, o Plan especial do casco histórico, cataloga a moi poucos edificios en ruina. Cada edificio teñen unha ficha individual, e se detallan se teñen dentro elementos patrimoniais, pois todo iso se eses redactadores, non son do partido socialista, dataron iso e catalogaron algúns cantos edificios de ruina, de iso vir a dicir que isto é unha ecatombe. Di que son un dos Concellos que máis rápido dan as licenzas de obra, e iso é algo que honra aos funcionarios desta casas. El non é responsable do que tarden outras administracións. Di que eles teñen que seguir un procedemento e é o que están facendo. Falaba don Germám de salvar o Malecón, se se lee a normativa verá vostede que as pancartas non se poden poñer son ilegais, aquí e en Santiago de Compostela, non pasa nada hai liberdade de expresión, chegaron a dicir auténticas barbaridades, o Malecón está salvado e Monforte vai seguir avanzando a pesar dos do non xa que eles son dos do si.

Sométese o asunto a votación resultado rexeitada a moción con oito votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto.

9º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PARA A CREACIÓN DUN MUSEO ETNOLÓXICO DA RIBEIRA SACRA.

O ditame é favorable á proposta con dous votos a favor do concelleiro do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto e oito abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista e do concelleiros/a do Grupo Municipal Popular, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

“Que o equipo de goberno do Concello de Monforte inicio os trámites para a creación dun centro etnográfico/etnolóxico”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Manuel Luaces dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Jaime Gerán Vázquez di que van votar favorablemente esta iniciativa.

Intervén D. José Luis Rodríguez fala de que o sector turístico é moi importante para dinamización turística, de todos é sabido que é un dos pilares económicos da zona e dos negocios existentes. Como fai pouco saíron uns datos que se incrementou o turismo nun 7,47% di que eles o que botan de menos ter unha concellalía específica de turismo para seguir potenciando os recursos económicos máis importantes da cidade. De pouco vale facer museos, unha das cousas máis importantes sería seguir impulsando o turismo.

Intervén D. Ibán Torres di que eles van votar a favor coa enmenda que presenta o seu partido.

O Grupo Municipal Socialista presenta unha enmenda de modificación do texto da moción nos seguintes termos:

1º. Que o equipo de Goberno inicie os trámites diante da Xunta de Galicia para que financie a creación dun museo etnográfico/etnolóxico en Monforte de Lemos, capital da Ribeira Sacra, sendo o concello o que lidere os traballos para a súa creación.

2º.- Remitir o acordo á Consellería de Cultura, Formación Profesional e Universidades.

Intervén D. Manuel Luaces agradece o apoio, que para eles a pesar de que o turismo é moi turismo quer eles cren que a conservación do patrimonio e a parte máis importante dun museo etnográfico.

Intervén D. José Luis Rodríguez di que eles vanse abster porque aquí xa hai museos, teñen o paisaxe da Ribeira Sacra di que non é unha das prioridades, é máis prioritario seguir promocionando o turismo da Ribeira Sacra que agora está en alza, a eles lles parece máis axeitado e invertir recursos. Vanse abster.

Intervén D. Manuel Luaces di que eles lles preocupan máis o tema cultural e a conservación do patrimonio.

Intervén o Sr. Alcalde dando lectura a unha parte da enmenda:

1º. Que o equipo de Goberno inicie os trámites diante da Xunta de Galicia para que financie a creación dun museo etnográfico/etnolóxico en Monforte de Lemos, capital da Ribeira Sacra, sendo o concello o que lidere os traballos para a súa creación.

2º.- Remitir o acordo á Consellería de Cultura, Formación Profesional e Universidades e á Consellería de Turismo.

Sometido o asunto a votación coa enmenda de modificación do texto, apróbase por maioría con once votos a favor dos concelleiros/as do grupo Municipal Socialista, dos concelleiros do Grupo municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular.

10º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO RELATIVA A UNHA ORDENANZA REGULADORA PARA A EXTRACCIÓN DE MADEIRA.

O ditame é favorable á proposta con dous votos a favor do concelleiro do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto e oito

abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista e do concelleiros/a do Grupo Municipal Popular, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

“Que o equipo de goberno do Concello de Monforte elabore unha ordenanza relativa a estes efectos, coa fin de sometela ao pleno municipal para a súa aprobación e posterior introdución nas ordenanzas fiscais”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén o Sr. Alcalde antes de entrar en debate informalos de que estase co borrador da ordenanza. Se a retiran e traen nun mes ou dous meses no pleno. Se vostede retira, senón seguen co debate.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que se a ordenanza está en fase de tramitación, retiran a moción o que queren é que se faga a regulación, que vai en beneficio dos veciños.

Intervén D. José Luis Rodríguez di que xa existe unha ordenanza.

Intervén o sr. Alcalde dicíndolle que iso do que fala D. José Luis é un punto que está dentro doutra ordenanza, fala de que vaise redactar unha ordenanza da tala, os concellos que teñen unha ordenanza deste tipo a Xunta de Galicia lles pasa un listado e permisos que autoriza para cortar, entón os Concellos poden controlar a corta, e poden controlar como están os camiños, que pasa ás veces que cando te enteras xa marcharon.

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

11º.- INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (26.01.2024 E 30.01.2024).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

12º.- DACIÓN DE CONTA DA EXECUCIÓN TRIMESTRAL 4º TRIMESTRE 2023.

O Pleno queda informado da documentación remitida polo Concello ao Ministerio de Facenda, a través da Oficina Virtual para a Coordinación financeira coas Entidades Locais, a efectos de cumprimentar os datos correspondentes a este Concello do 4º trimestre de 2023, dos previstos sobre execucións trimestrais das Entidades Locais.

13º.- DACIÓN DE CONTA DO PERIODO MEDIO DE PAGO E MOROSIDADE 4º TRIMESTRE 2023.

Dáse conta do informe de Intervención sobre o periodo medio de pago (PMP) do 4º trimestre de 2023, segundo ven definido polo Real Decreto 635/2014. O PMP Global resultante do Concello de Monforte de Lemos (en días) é de 4,78 e a efectos de cumprir co disposto no artigo cuarto da Lei 15/2010, preséntanse no Pleno os seguintes informes, tanto do Concello como do Instituto Municipal de Drogodependencias, correspondentes ao 4º trimestre de 2023.

14º.- DACIÓN CONTA PRÓRROGA AO EXERCICIO 2024 DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCIERO APROBADO PARA O EXERCICIO 2023.

Dáse conta do informe da prórroga ao exercicio 2024 do Plan Anual de Control Financieiro aprobado para o exercicio 2023.

15º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Pregunta do BNG sobre si o Consello de Saúde é un órgano colexiado

A resposta e si.

Pregunta do Partido Popular se recibiron material para a aula CEMIT

A resposta e si.

Pregunta do BNG sobre os xogos infantís co Colexio da Gándara.

A resposta e si , di que o van facer sobre todo pensando nos nenos.

Rogo do BNG en relación co pavillón da Pinguela.

Resposta o Sr. Alcalde di que non é cuestión do pavillón, iso formará parte doutra proxecto da zona.

Rogo do Partido Popular en relación con colocación de cámaras no parque de Cobas.

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que as cámaras que parecen que non lle gustan, pero as dos parque s, pero estas necesitan máis autorizacións, sen autorización non se poden poñer, o están mirando.

Rogo do Partido Popoular en relación coa rúa Montepando.

Reposta o Sr. Alcalde que o agora mesmo non procede, pero máis adiante o farán.

PREGUNTAS DO PARTIDO POPULAR:

¿Qué xestións se están a realizar para conseguir ocupar a praza de Psiquitra do Centro de Asistencia de Drogodependencias?

Resposta o Sr. Alcalde o 31.05.2019 a traballadora que ocupaba o posto de directora atopase de baixa médica, dadas as especiais características do servizo do que se trata, procedeuse á convocatoria do proceso selectdivo, que se presentou un so aspirante que foi excluído por non acreditar esta en posesión do título esixido. A trabaladora que ocupaba o posto solicitou o pase a excedencia por interese particular ao obter unha praza no Sergas en Ourense do 20.06.2021, no momento volveuse a convocar o proceso selectivo, o 26.07.2021 seleccionase ao mesmo aspirante único que presentou a solicitude da outra vez, xa que presentou correctamente a solicitude unha vez notificado ao aspirante seleccionado con data 06.08.2021 renunciou á praza por incompatibilidade que consta na renuncia, a partir desta data en coordinación da xefe do servzio de drogodependencias, remitiunos ao Hospital Comarcal neste momento estase analizando un posible convenio coa Cruz Vermella para solucionar este problema. A Xunta non financia todo de 275.000,00 euros a xunta deu 216.000,00 o resto o pon o Concello, non é competencia do

Concello, danlle servizo á Comarca, tampouco se paga aquí o local que é do ADIF que costa 10.000 euros.

¿qué obras se fixeron a través dos seguintes dous contratos REFORZO INSTALACIÓN SUBMINISTRO ELECTRICO AS UNIDADES HABITACIONAIS DO ASENTAMENTO DAS LAMAS E REFORZO INSTALACIÓN SUBMINISTRO AUGA POTABLE AS UNIDADES HABITACIONAIS DO ASENTAMENTO DAS LAMAS?

Resposta o Sr. Alcalde dicirlle que o primeiro contrato que é do ano 2022 é a contratación que se fixo para dotar de subministro eléctrico ao poboado das Lamas que dende que se permitiu o asentamento alí fai máis de 20 ou 30 anos efectuaronse as obras correspondentes para a conexión á rede xeral, en todas 22 conexións, así como a instalación e contadores individuais e iso custou 47.647, 00 euros. Estas persoas estaban enganchadas á luz de xeito ilegal, ata que no mes de febreiro a empresa cortou. O que se fixo foi alugar un xenerador que custou 143.000 euros para darlle luz a esas familias, porque no mes de xaneiro e febreiro, telos sen calefacción había que dar unha solución a que sexa. En relación co segundo contrato foi tamén para dotala unha liña de abastecemento de auga potable posto que non tiña, o importe concreto ascendeu a 47.099,25 euros, sumando todos os custes o da luz o da auga potable e o do xenerador o Concello invertiu no poboado das Lamas 241.726,99 euros, pero ademais se aglomeraron os acceso dende a rúa Extremadoiro que chegaron ata o final das casas, asfaltouse pola outra parte na zona dos bombeiros, polo tanto cre que as condicións que teñen neste momento son moi mellor sen dúbida as que tiveron ata de agora.

ROGOS DO PARTIDO POPULAR

Rogamos que procedan a arranxar a estrada que une Sindrán con Chavaga.

Resposta o Sr. Alcalde que a pista foi arranxada polo Concello fai pouco tempo, non sabe se tres ou catro anos aproximadamente, sabe que pasou para que se puxera así foi que sacaron madeira, non pode ser que a xente colabore pouco. Sindrán non está aillado, esa tamén será arranxada no verán.

Rogamos que coloquen pasamáns no lateral do Centro de Saúde.

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que vostede está facendo unha afirmación que non é certa. Ensina o plano das Normas Subsidiarias de Planeamento, todo isto é un edificio de zona dotacional e isto é propiedade do Sergas non é do Concello, nin siquiera a rúa que baixa que se arranxou é do Concello. Así esta escaleira non é do concello dígallo ao Sergas, se ten un pasamáns é mellor.

ROGOS DE ESPERTA MONFORTE

Casa en ruínas na rúa Ponte dos Picos

En segundo lugar iso foi unha empresa a que tirou o muro a que teña que levantalo.

Problemas de iluminación e excesos de velocidade no paso soterrado da rúa Anxel Fole

Resposta o Sr. Alcalde que alí non hai capacidade para pasar a unha velocidade excesiva.

Arranxo das pistas de tenis da Pinguela.

Resposta o Sr. Alcalde que está xa o proxecto feito para arranxalo e terá outras melloras circundantes co persoal do Concello.

Petición de vados solicitados

Resposta o Sr. Alcalde que houbo dúas.

ROGO DO BNG

Elaboración dunha ordenanza municipal para o uso do salón de ctos do centro do viño.

Resposta o Centro do Viño que a xestión a leva unha empresa. A ordenanza non cabe porque agora mesmo forma parte do contrato.

PREGUNTAS DO BNG

Ten pensado o equipo de goberno celebrar o día da bicicleta

Resposta o Sr. Alcalde que un clube de ciclismo non pode pretender organizar e que o pague o Concello, iso non pode ser así. Se dixo iso, o concello diría iso, o Concello non pode facer todo a vez e gastar toda á vez, todo custa.

A visita do Ministro de Exteriores debeuse a un acto insitucional ou a un acto de campaña?

Resposta o Sr. Alcalde dicir que houbo unha parte institucional e unha parte de campaña política de partido.

Remata a sesión ás dez horas e corenta e dous minutos do que eu Secretario, dou fe.

Vº e PCE.

O ALCALDE